

Coa finalidade de continuar promovendo a participación cidadá na vida económica, social e ambiental do municipio

O CONCELLO DE MUROS PON EN MARCHA A 3ª MESA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DA AXENDA 21 LOCAL

Muros, 23 de Setembro de 2009.- O Concello de Muros en colaboración coa Xunta de Galicia e coa empresa Idom, ao longo deste ano están a promover a participación cidadá no proceso de elaboración da Axenda 21 Local a través da organización de diferentes actividades dirixidas á poboación. Neste caso trátase da **3ª mesa de participación**, que terá lugar con motivo do proceso da Axenda 21 Local o vindeiro 25 de setembro ás 19:00 na Aula de San Xosé (Muros).

A Axenda 21 é un proxecto incluído dentro do programa - xestionado pola Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas- de **Núcleos de Sostibilidade**, que ten por obxecto acadar o desenvolvemento económico, social e ambiental de Muros, mediante a proposta de proxectos de actuación. Por este motivo, é un feito prioritario a creación de actuacións dirixidas a conseguir que os cidadáns coas súas opinións sexan parte activa no proceso de toma de decisións do concello.

Os obxectivos fundamentais desta terceira mesa serán:

- 1) Avaliar o proceso e o estado actual da Axenda 21 Local no Núcleo de Sostibilidade de Muros.
- 2) Presentar e valorar o Plan de Acción de Muros. Discutir os proxectos extraídos do diagnóstico e da participación cidadá, orientados á mellora económica, social e ambiental do municipio.
- 3) Indicar as vantaxes e a utilidade do proceso da Axenda 21 Local e aportar recomendacións para dar continuidade ao mesmo.
- 4) Valorar e discutir o grao de satisfacción dos participantes co fin de achegar propostas de mellora ao proceso de participación e de execución da Axenda 21 Local.

Convídase a participar a toda persoa interesada no tema

Para máis información dirixirse á Axencia Local de Sostibilidade (Telf: 981 826179; persoa de contacto Sonia ou Manola).